

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE MARZO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e de Castilla y León para a renovación do firme da estrada OU-124, que forma parte do itinerario que comunica a localidade de Porto coa estrada N-525, e a súa posterior conservación, por un importe total de oitocentos mil euros (800.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a 2ª fase do Bosque de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz de cancro de colon e recto. Organización e resultados da ampliación do programa tras o programa piloto de Ferrol.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Informe para o Consello da Xunta sobre a orde pola que se adopta decisión favorable en relación coa tramitación do rexistro dunha indicación xeográfica protexida para a carne de Vaca e Boi de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LEI DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA EN GALICIA

- *Nas vindeiras semanas o texto será remitido ao Parlamento, co fin de iniciar a súa tramitación parlamentaria que rematará coa aprobación do Pleno do Parlamento*
- *Un dos obxectivos prioritarios do novo texto é loitar contra o abandono animal e perseguir o maltrato*
- *O novo texto tipifica de infracción grave o maltrato animal non só na súa representación como violencia, senón tamén por someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias cuestionables*
- *A nova lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados coa creación da figura dos fogares de acollida, un réxime de acollemento temporal nos que se garanta o coidado, atención e condicións hixiénico sanitarias*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, que persegue como obxectivos prioritarios loitar contra o maltrato animal, non só na súa representación como violencia extrema, senón tamén noutras formas de manifestación, tales como someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias moi cuestionables.

Esta é unha das medidas que recolle esta nova normativa, redactada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que inicia agora a súa tramitación parlamentaria, período en que os grupos parlamentarios poderán facer as súas achegas antes da aprobación do Pleno.

Neste sentido, a lei recolle a prohibición do uso de todo tipo de ferramentas destinadas a impedir ou limitar a mobilidade dun animal que lle produza danos ou sufrimentos ou lle impida manter a súa posición normal.

Despois do período de consultas e de información pública, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural integrou unha serie de cuestións para mellorar a aplicación da norma e recollen o parecer e a sensibilidade das asociacións e dos axentes intervinientes nesta materia concreta do medio ambiente que se puidesen sentir afectados pola ela, directa ou indirectamente.

Así, co fin de protexer a vida e garantir o benestar dos animais, sinálase como obriga abeberar e alimentar os animais durante o transporte e de empregar equipamentos axeitados na carga e descarga que non produzan sufrimento quedan tamén prohibido o seu transporte nos maleteiros totalmente pechados e sen ventilación axeitada, así coma atalos a vehículos de motor en marcha.

En relación coa estruturación do texto, esta baséanse nunha división máis sinxela e nítida das distintas materias a regular, definindo claramente o concepto de animal de compañía, que comprende tanto aos animais domésticos como a aqueles animais silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos aos produtivos, sexan ou non potencialmente perigosos en ambos casos.

Cómpre lembrar que esta normativa non será de aplicación aos animais destinados ao aproveitamento produtivo, aos pertencentes á familia dos équidos domésticos, aos empregados en calquera espectáculo taurino, aos animais silvestres no medio natural e aos empregados para experimentación.

Outro dos retos que se pretende paliar é o abandono de animais domésticos, que orixina un grave problema nos centros municipais de recollida de animais abandonados; polo que a nova lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados, de xeito que o sacrificio sexa o último recurso ao ter fallado as posibilidades anteriores e que sempre deberá ser prescrito e efectuado por un profesional veterinario. Unha das medidas que destacan son a creación de fogares de acollida, cun réxime de acollemento temporal en que se garanta o coidado, atención e condicións hixiénico-sanitarias que precise e estará condicionado á devolución inmediata do animal no caso de que aparecese un adoptante definitivo válido, polo que se prohíbe a adquisición de animais de compañía por menores de 16 anos.

A norma introduce a obriga de identificación en todos os casos dos animais de compañía de especie canina, mediante un *microchip* e a inscrición do Rexistro galego de Identificación de Animais de Compañía- Regiac; unha medida que axudará a minorar a lacra do abandono, xa que resultará máis sinxelo identificar o titular do animal. Neste sentido, despois do período de información pública, decidiuse ampliar o prazo para a comunicación do cambio de titularidade ou morte a un mes, polo que se fixa un período de 10 días para a comunicación ao Regiac.

Neste obxectivo é moi importante o labor que desenvolven en materia de protección e benestar animal as asociacións de defensa e protección dos animais, que deberán inscribirse no Rexistro Galego de Asociacións, dada a importancia do labor que desenvolven, polo que se prevé a a posibilidade de declaralas como entidades colaboradoras da Xunta de Galicia e, de ser así, poder subscribir convenios de colaboración con especial énfase na divulgación e educación para a tenza destes animais.

En relación cos animais potencialmente perigosos, ademais de establecer o seu concepto e de concretarse as razas de can que teñen tal consideración, establécese a obriga da obtención previa da licenza municipal para poder obter un can desta

categoría, can que deberá ser inscrito no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

Na nova lei tamén se establece un artigo sobre as aves de presa en cativeiro, para as que será necesario obter previamente unha autorización administrativa concedida pola consellería competente, á vez que deberán ser identificadas individualmente con *microchip* ou anela e inscribirse na sección correspondente do Regiao.

Divulgación, educación e formación

Prestar especial atención á divulgación e educación e formación de protección ambiental facendo fincapé en que a tenza responsable é o mellor e principal instrumento para prever o abandono e o maltrato animal. Neste sentido, a Xunta divulgará o contido desta lei entre os escolares e cidadáns e velará pola inclusión de contidos relacionados coa protección animal nos programas educativos que se desenvolvan no seu ámbito territorial.

Tamén se promoverá a realización de campañas de formación destinadas ás persoas propietarias e posuidoras de animais, co fin de garantir unha tenza acorde coas súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas e obter unha óptima inserción e convivencia dos animais no medio.

Comité Consultivo para a protección animal

A nova lei recolle a creación do Comité Consultivo para a Protección Animal, como órgano de estudo, consulta e asesoramento adscrito á Consellería competente en materia de protección animal. Non obstante, o Consello Galego de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro seguirá en funcionamento mentres que non se publique o desenvolvemento regulamentario do novo Comité consultivo.

As funcións que terá son a emisión de informes e ditames, así como a realización de estudos que solicite a Administración competente, e promover estudos de planificación e coordinación nesta materia.

Na súa composición deberá garantirse a presenza de todas as consellerías que gardan relación con esta materia, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais, o Consello Galego de Colexios Veterinarios, así como das entidades de carácter ambiental.

APROBADO A MODIFICACIÓN DO DECRETO DE SOCORRISMO, QUE AMPLÍA CATRO ANOS O PRAZO TRANSITORIO PARA ACREDITAR A FORMACIÓN MÍNIMA DOS SOCORRISTAS

- *As novidades que se introducen no decreto buscan asegurar a cobertura de efectivos nas praias e instalacións acuáticas galegas e seguir ofrecendo as máximas garantías de seguridade*
- *Amplíanse as titulacións polas que se poderá acreditar a formación mínima, así como se establecen as entidades que poden impartir os novos cursos de adaptación ou reciclaxe*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

As novidades que se introducen son froito do consenso cos principais axentes implicados: Fegamp, tres universidades galegas, Cruz Vermella e Federación de socorrismo de Galicia. Ademais, o texto foi sometido a exposición pública para ter en conta as achegas da cidadanía.

O novo decreto ten como obxectivo fundamental seguir ofrecendo as maiores garantías de seguridade nas praias e instalacións acuáticas galegas. Por iso, entre outras novidades, amplíase ata o 2021 o período transitorio para obter a nova formación establecida en 2012, isto é, catro anos máis do inicialmente previsto.

No texto de 2012 regulábase a formación mínima para os socorristas, que se podía acreditar con certificado de profesionalidade de socorrismo; título de técnico deportivo ou superior en Salvamento e Socorrismo; calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que incluíse no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo nacional de cualificacións profesionais; ou a acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

A continuación, establecíase un período transitorio de cinco anos -que vencería en abril deste ano- para que os profesionais anteriores a esta regulación tivesen a posibilidade de obter a cualificación ou formación correspondente. Agora, coa modificación aprobada hoxe, este prazo esténdese ata 2021 para evitar unha baixada de efectivos nas praias e instalacións acuáticas e para continuar dando a opción ás persoas non puideron ata agora obter a nova formación.

Outras das novidades relevantes da modificación é a ampliación das titulacións polas que se poderá acreditar a formación mínima, que pasan a incluír tamén o título de graduado en Ciencias da Actividades Física e o Deporte, así como o título de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas. En ambos os casos, deberán superar un curso de adaptación.

Ademais, establécense as entidades que poderán impartir os novos cursos de adaptación así como os cursos de reciclaxe, que non estaban definidos no actual decreto e que só tiña impartido ata o momento a AGASP. A partir de agora, tamén os poderán impartir as mesmas entidades acreditadas conforme á normativa aplicable aos Centros e Entidades de Formación para o Emprego; as universidades; os centros con ensinanzas deportivas autorizadas na modalidade de salvamento e socorrismo; e as entidades locais de Galicia. Deberán comunicar á AGASP a celebración destes cursos a través dun procedemento electrónico.

FACENDA ACTUALIZA O SEU DECRETO DE ESTRUCTURA ORGÁNICA E INCLÚE NEL O NOVO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN

- *O actual decreto quedara obsoleto ao incluír departamentos que xa non existen*
- *Os cambios afectan áreas como a Axencia Tributaria de Galicia, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos e á Intervención Xeral*

O Consello da Xunta aprobou este xoves o Decreto polo que a Consellería de Facenda se dota dunha nova estrutura orgánica, que permitirá adaptala á nova configuración interna da consellería e servirá para crear o novo Tribunal Administrativo de Contratación Pública e para reforzar a estrutura da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA). O decreto vixente quedara obsoleto por incluír departamentos que xa non existen, de aí a obrigatoriedade de modificalo e adaptalo aos decretos de estrutura da Xunta de Galicia.

Así, coa aprobación deste decreto créase a estrutura para poñer en marcha o novo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma, que permitirá resolver en Galicia os recursos especiais no eido da contratación pública que ata agora se veñen resolvendo no Ministerio de Facenda e Función Pública.

Este tribunal permitirá gañar en axilidade e acurtar os prazos de resolución nestes recursos. O seu proceso de constitución comezou no mes de xaneiro coa súa aprobación no Consello da Xunta, estará formado por tres persoas –un presidente e dous vogais-, e o seu ámbito de actuación chegará tamén á Administración local e ás universidades.

O decreto aprobado no Consello tamén establece a estrutura da nova Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Este departamento é consecuencia da unificación de dúas direccións xerais (Política Financeira e Tesouro, e Proxectos e Fondos Europeos), o que permitiu suprimir un alto cargo, e agora complétase a súa organización.

No que se refire á Axencia Tributaria de Galicia, refórzase a súa estrutura para acadar unha maior coordinación e eficacia entre os distintos departamentos e mellorar resultados en áreas clave como a loita contra a fraude fiscal. Para iso, créase unha área de coordinación e un departamento de planificación do control tributario.

En canto á Intervención Xeral, créase unha subdirección xeral que permitirá intensificar o seguimento e a xestión económica no eido sanitario. A nova estrutura adáptase á organización territorial das estruturas organizativas de xestión integradas do SERGAS, unha vez que estas xa están plenamente consolidadas, e establece equipos de auditoría e seguimento en cada unha das sete áreas integradas de xestión do SERGAS.

Por último, o decreto recolle a desaparición da estrutura orgánica de Facenda do Consello Galego de Competencia, integrado agora na Consellería de Economía, Industria e Emprego.

A XUNTA APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES 2017-2020

- *O programa desenvolve unha estratexia destinada a toda a sociedade e aposta polo afianzamento da transversalidade e a loita contra a violencia de xénero*
- *Conta cun orzamento de 391 millóns de euros para desenvolver un ambicioso conxunto de 252 medidas que permitan unha igualdade real e efectiva*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. Trátase dun traballo compartido pola totalidade da Administración da comunidade autónoma e que conta cun orzamento de 391 millóns de euros para desenvolver un programa ambicioso de 252 medidas.

Para a elaboración do plan tivéronse en conta como principios orientadores a articulación dunha estratexia marco para a igualdade de xénero dirixida ao conxunto da sociedade, a busca dunha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, o afianzamento da transversalidade de xénero, a cooperación e coordinación institucional e a colaboración cos axentes económicos e sociais.

O plan está integrado por tres grandes capítulos. O primeiro marca a integración do principio de igualdade nas políticas e accións do goberno e reforza a consideración da perspectiva de xénero na planificación, normativa, orzamentos, actuacións e servizos da Administración galega para ter en conta a diferente situación e posición de homes e mulleres.

Entre as iniciativas concretas inclúese a adopción de medidas de flexibilidade laboral para afondar na conciliación da vida laboral e familiar ou as accións publicitarias de cara a reforzar a sensibilidade respecto ao uso dunha linguaxe e imaxes inclusivas.

O segundo capítulo refírese a cinco áreas estratéxicas sobre as que pivotar a loita pola igualdade. As dúas primeiras son a igualdade na educación e nos valores (mellora das competencias do persoal docente, desenvolvemento de actuacións de sensibilización que fomenten respecto e tolerancia á diversidade de orientación sexual...); e a igualdade na xestión dos traballos e dos tempos (medidas que fomenten a corresponsabilidade por parte dos homes, casas niño, bono concilia, bono coidado...).

A terceira área estratéxica é a igualdade no emprego e na innovación (axudas para a creación de emprego autónomo outorgando unha maior contía á muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social, estímulo económico para novas iniciativas empresariais de mulleres e para a creación de emprego feminino vinculado aos novos proxectos de empresas...).

A cuarta área refírese á igualdade na participación e no liderado (apoio á difusión de proxectos liderados por mulleres na xestión de espazos e actividades portuarias, reforzo e promoción do acceso da muller a postos directivos en entidades dedicadas á xestión do deporte...); e a quinta aborda a igualdade na calidade de vida e benestar (apoio aos CIM, detección precoz do cancro de mama, programas para o fomento do deporte feminino...).

O terceiro capítulo do plan incide nun aspecto fundamental, como é a prevención e tratamento da violencia de xénero e conta cun orzamento de máis de 23 millóns de euros. Busca desenvolver accións de prevención e asistencia integral e coordinada a favor das mulleres vítimas e das persoas ao seu cargo, así como a través do apoio á súa independencia e integración social.

Entre as medidas concretas inclúense as accións de formación e sensibilización dirixidas a menores/adolescentes que fomenten o uso responsable das novas tecnoloxías e preveñan o seu uso como ferramentas de acoso, a ampliación e mellora do acceso ás axudas económicas destinadas ás vítimas de violencia de xénero no seu camiño de saída desta lacra, o favorecemento da inserción laboral das mulleres vítimas ou o apoio as entidades e ONG que desenvolvan tarefas de atención e protección integral ás vítimas da trata.

Esta edición do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres contará, por primeira vez, cunha comisión de seguimento que permitirá valorar o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos definidos e medir o seu grao de eficacia e eficiencia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O GOBERNO GALEGO E O DE CASTILLA Y LEÓN PARA A RENOVACIÓN DO FIRME NA ESTRADA OU-124

- *As estradas ZA-102 e OU-124 (A Vilavella (N-525) – lim. Prov. Zamora), cunha lonxitude total de 27,3 km., conectan a localidade zamorana de Porto coa A-52 nun enlace situado na provincia de Ourense*
- *O Goberno de Castilla y León redactou un proxecto de construción para a renovación do firme da estrada ZA-102, sendo imprescindible que a actuación teña continuidade na estrada OU-124, no tramo galego*
- *A comunidade de Castilla y León comprométese tamén á licitación, execución e financiamento das obras*
- *A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, dará a súa conformidade ao proxecto en que se definan as obras, e autorizará a súa execución*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e de Castilla y León para a renovación do firme da estrada OU-124, que forma parte do itinerario que comunica a localidade de Porto coa estrada N-525, e a súa posterior conservación, cun investimento de 800.000 euros.

As estradas ZA-102 e OU-124, que conecta A Vilavella (N-525) co límite da provincia de Zamora, pertencentes respectivamente á Rede complementaria local da Comunidade Autónoma de Castilla y León e á Rede secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia, conectan a localidade zamorana de Porto coa A-52 nun enlace situado na provincia de Ourense.

A lonxitude total das estradas é de 27,35 km que discorren na súa maior parte por Castilla y León, existindo dous tramos (OU-124), de 1,07 e 7,57 km respectivamente, que discorren por Galicia.


O Goberno de Castela e León redactou un proxecto de construción para a renovación do firme da estrada ZA-102, sendo imprescindible que a actuación teña continuidade na estrada OU-124, no tramo galego.

Cómpre lembrar que ambas as comunidades levan a cabo desde hai anos de xeito coordinado as tarefas de conservación ordinaria e mantemento da vialidade desta estrada. A Xunta de Galicia acomete a conservación ordinaria do primeiro quilómetro; mentres que a comunidade de Castilla y León executa o mantemento do tramo restante, e os traballos de vialidade invernal de toda a estrada, dado que percorre na súa maior parte o seu territorio.

Compromisos das partes

Coa sinatura do convenio, a Comunidade de Castilla y León, a través da Consejería de Fomento y Medio Ambiente, comprométese a redactar o proxecto necesario para o desenvolvemento das obras de rehabilitación do firme da OU-124, e tamén á licitación, execución e financiamento.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, dará a súa conformidade ao proxecto en que se definan as obras e autorizará a súa execución.



A XUNTA AMPLIARÁ EN 10 HECTÁREAS O BOSQUE DE GALICIA E PLANTARÁ 4.500 ÁRBORES MÁIS

- *Coa segunda fase do proxecto, o monte Gaiás contará cun bosque de 34 hectáreas e máis de 12.000 árbores autóctonas*
- *Amplíase en 2 quilómetros a trama de sendas iluminadas, ofrecendo máis de 5 para o paseo, o deporte e outras actividades ao aire libre*
- *A actuación crea novos accesos e itinerarios que acurtan os tempos para achegarse a pé á Cidade da Cultura*

O Consello da Xunta vén de dar o visto e praxe á II Fase do Bosque de Galicia, que suporá a ampliación en dez hectáreas e 4.500 árbores de especies autóctonas da superficie verde creada nas ladeiras do Gaiás, ao redor da Cidade da Cultura de Galicia.

Con esta nova fase, que afectará á ladeira suroeste, o Bosque de Galicia contará cunha superficie total de 34 hectáreas e preto de 12.000 árbores novos, que se suman aos presentes no monte antes de iniciarse o proxecto. O resultado será un ampla alfombra verde destinada ao ocio ao aire libre de todos os galegos e un pulmón ecolóxico cun impacto positivo sobre o metabolismo ambiental da cidade de Santiago.

A segunda fase prevé dous novos quilómetros de sendas, que se suman aos 3,2 xa construídos. Deste xeito, o Bosque contará con cinco quilómetros de sendas cun sistema de iluminación de baixo consumo que permitirá o seu uso en horario de pouca luz natural. Ademais, haberá áreas de descanso e unha terraza con vistas sobre Santiago.

As novas sendas facilitarán o acceso peonil desde o Sar ate a Cidade da Cultura, desembocando no contorno do Museo, do Xardín Literario e das Torres Hejduk. Acortarase, polo tanto, o tempo daqueles que desexen achegarse a pé. O proxecto inclúe tamén o que será o acceso principal ao Bosque de Galicia a través da rúa Diego Bernal.

Proxecto transversal

A segunda fase do Bosque de Galicia é un proxecto en que participan cinco consellerías: a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a de Economía, Emprego e Industria, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Infraestruturas e Vivenda e a de Medio Rural. Cun orzamento de 603.657 euros, está previsto que os traballos comecen esta primavera, cunha duración de nove meses, tendo en conta que a plantación de árbores debe ter lugar en outono e inverno.

O Bosque de Galicia forma parte do Plan de humanización dos espazos exteriores da Cidade da Cultura, que incluíu outras actuacións como o Xardín Literario, nun dos

baleiros deixados polos edificios non construídos; o Parque do Lago, o Parque da Balea, a área de lecer sur ou a axardinamento dos aparcadoiros cunha nova plantación de árbores.

O PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DE CANCRO DE COLON AMPLÍASE ESTE ANO Á CORUÑA E A VIGO

- *Incorpórase deste xeito a toda a poboación obxectivo de Galicia*
- *Máis de 92.000 persoas participaron desde a súa posta en marcha*

O Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal chegará este ano ás sete Estructuras Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) da Comunidade Autónoma, coa inclusión das da Coruña e Vigo. A iniciativa comezou como experiencia piloto en Ferrol, en 2013, e desde entón foise estendendo a Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras; Pontevedra e o Salnés; Lugo, Cervo e Monforte; e Santiago de Compostela.

Desde o seu inicio e ata decembro de 2016 invitouse a participar a preto de 200.000 persoas de 50 a 69 anos, dos cales entregaron o test máis de 92.000, o que supón unha participación global do 46,54 % (sete puntos superior en mulleres que en homes). Isto significa que xa foi invitado a participar no programa o 28,7 % da súa poboación obxectivo.

No 6,71% das persoas que realizaron a proba esta foi positiva, cunha taxa de positividade superior en homes que en mulleres (8,54 % fronte a 5,3 %). Indicóuselles a realización dunha colonoscopia a 5.015 persoas, das cales se realizaron xa 4.827. A través do programa detectáronse 240 persoas con cancros invasivos, 783 con adenomas de alto risco, 1.024 con adenomas de risco medio e 1.030 con adenomas de baixo risco.

Desagregando por xénero, as taxas foron sempre máis altas en homes que en mulleres, destacando a de cancros invasivos (máis do dobre en homes respecto a mulleres) e a de adenomas de alto risco (preto do quádruplo). Neste sentido, unha porcentaxe significativa dos adenomas de alto risco evoluciona a cancro, polo que a súa extirpación evita cancros no futuro.

Así, o 68 % dos cancros detectados no programa foron en estadios precoces (47% en estadio I e 21 % en estadio II), onde o pronóstico é significativamente mellor que nos máis avanzados. Non obstante, cando os cancros se manifestan clinicamente -sen cribado- o 46 % diagnósticanse nos estadios máis avanzados, e só o 14 % no máis leve.

Se se comparan os resultados do programa cos valores de referencia publicados en guías internacionais (en particular en guías europeas referidas a poboacións similares á galega) a taxa de positividade, a de detección de cancro invasivo e o valor predictivo do test para cancro cumpren co esperado, mentres que a taxa de detección de adenomas

e o valor predictivo do test para adenomas son claramente superiores. Dado que a taxa de cancros está nos números esperados, a única explicación é o traballo minucioso e de elevado rigor técnico dos facultativos que levan a cabo as colonoscopias.

Funcionamento do programa

A proba de cribado consiste na detección de sangue oculto nas feces. A poboación albo -homes e mulleres de 50 a 69 anos- recibe no seu domicilio un folleto onde se lle explica o programa, unha carta cunha invitación a participar e unha tarxeta de aceptación con franqueo pagado. Para aceptar a participación, o usuario pode devolver ao programa a tarxeta depositándoa en calquera caixa de Correos ou aceptar de forma telemática, seguindo as instrucións que se lle dan na propia carta. Seguidamente envíase ao seu domicilio o material necesario para a toma da mostra e as instrucións para recollela.

Unha vez recollida, o participante deposítala no seu centro de saúde desde onde se remitirá ao laboratorio do hospital de referencia para a súa análise. As persoas con resultado negativo recibirán unha carta con este resultado de normalidade e volveráselles a invitar no prazo de dous anos. As persoas con resultado positivo no test son citadas na consulta do seu médico de atención primaria para explicarlles o significado e a necesidade de realizar unha colonoscopia para descartar ou confirmar a presenza de lesións.

A colonoscopia de cribado ten un carácter diagnóstico e terapéutico, xa que permite visualizar e extirpar todas as lesións detectadas. Unha vez realizadas e extirpadas -no seu caso- as lesións suxestivas de malignidade, estas son analizadas no laboratorio de Anatomía Patolóxica e o programa de cribado realiza unha avaliación de risco de todos os pacientes, clasifícaos de acordo con este risco e establece o seguimento adecuado para cada paciente.

Tumor máis frecuente na poboación

O cancro colo-rectal é o tumor maligno máis frecuente na poboación. Nas mulleres é o segundo en incidencia por detrás do de mama; e nos homes é o terceiro tras o cancro de pulmón e o de próstata. En relación coa mortalidade, é a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como en mulleres e constitúe a quinta causa de mortalidade en Galicia.

Este tipo de cancro non produce síntomas ata que xa está moi avanzado, polo que a maior parte diagnóstícanse en estadios avanzados, o que afecta a supervivencia dos pacientes xa que, aos cinco anos do diagnóstico, é do 75-90 % se o cancro é detectado en fases iniciais (fase I-II) e de tan só do 15 % cando é detectado en fases máis avanzadas (fase IV).

A detección precoz mediante o test de sangue oculto en feces, ademais de reducir a incidencia do tumor -xa que poden eliminarse lesións en fases iniciais-, pode diminuír a mortalidade entre un 30 % e un 35 %.

A XUNTA AUMENTA O ORZAMENTO DAS AXUDAS PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS, INCORPORACIÓN DE MOZOS E PEQUENAS GRANXAS ATA OS 65 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello avaliou hoxe un informe de Medio Rural sobre estas achegas, que medran un 7,08 % nesta convocatoria con respecto ao pasado exercicio*
- *Con estas subvencións búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas, avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción e facilitar o rexuvenecemento da poboación activa agraria, entre outros fins*

A Xunta aumenta ata os 65 millóns de euros a axudas deste ano para mellora das explotacións, incorporación de mozos á actividade agraria e o desenvolvemento de pequenas explotacións. Estes datos foron trasladados hoxe ao Consello da Xunta por parte da Consellería do Medio Rural. O informe destaca o incremento do 7,08 % no orzamento total con respecto ao exercicio de 2016, que foi un ano histórico tanto polo número de expedientes tramitados como polos fondos destinados.

A dotación para este ano sitúase nos 40 millóns de euros para apoiar investimentos en explotacións agrícolas (plans de mellora), nos 20 millóns para impulsar a incorporación de novos activos ao agro (agricultores mozos) e nos 5 millóns para fomentar o desenvolvemento de pequenas explotacións. Estas axudas están encadradas dentro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, que prevé –para estas liñas de axuda– un investimento de 247,5 millóns de euros en todo o período de execución.

Búscase así mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas, avanzar nunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción e facilitar o rexuvenecemento da poboación activa agraria fomentando a remuda xeracional que contribúa á mellora da competitividade e dinamización. Tamén se persegue fomentar o emprego neste sector, con especial consideración cara as mulleres, e contribuír ao mantemento da poboación no rural. De feito, as subvencións están incluídas no Plan de fixación da poboación elaborado pola consellería e que recolle ata 23 medidas para desenvolver en catro anos coas que se pretenden alcanzar preto de 3.000 novos postos de traballo no agro no horizonte de 2020. Ademais, calcúlase que nese mesmo período se incorporarán outros 2.200 mozos ás granxas galegas.

Cifra récord en 2016

Estas axudas xa fixeron posible o ano pasado a incorporación de 618 mozos, unha cifra récord á que hai que sumar a aprobación doutros 582 expedientes de plans de mellora de explotacións e doutras 32 axudas para o desenvolvemento de pequenas

granxas, sendo o exercicio con maior contía na liña de novos agricultores e un dos maiores no que atinxe ás achegas para investimentos en explotacións agrarias.

A NOVA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA VACA E BOI DE GALICIA ACADA A APROBACIÓN NACIONAL

- *Así se recolle nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, previo á publicación da correspondente orde no Diario Oficial de Galicia*
- *Agora só resta trasladar a documentación á Unión Europea para obter tamén a protección no ámbito comunitario*
- *Este selo amparará a carne fresca procedente de vacas e bois das principais razas existentes na nosa Comunidade, mellorando a transparencia comercial e garantindo a calidade e orixe do produto*
- *A medio prazo espérase que se acollan a esta IXP arredor de 10.000 explotacións gandeiras*

A Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Vaca e Boi de Galicia xa está aprobada a nivel nacional. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente deu o seu visto e praxe a este novo selo de calidade que amparará a carne fresca das vacas e bois de razas galegas. O Consello da Xunta tivo coñecemento deste feito hoxe, antes de que a orde sexa publicada no *Diario Oficial de Galicia*, algo que está previsto para os vindeiros días.

O seguinte paso pasa por que esta indicación teña recoñecemento europeo. Para iso, o ministerio trasladará a documentación á Unión Europea para acadar o amparo no ámbito comunitario. Este proceso pode demorarase entre ano e medio e dous anos, por iso, para que a IXP poida comercializarse mentres tanto, a Consellería do Medio Rural solicitará a protección nacional transitoria que permite utilizar o selo a nivel estatal. Calcúlase que se obterá no mes de abril.

Este novo indicativo de calidade diferenciada amparará a carne fresca procedente de vacas e bois das principais razas existentes na nosa Comunidade. Para que sexan recoñecidos como tal, os animais deben nacer, criarse, engordarse, sacrificarse e despezarse en Galicia e pertencer ás principais razas de vacún de Galicia como a rubia galega, morenas galegas, asturiana dos vales, limusina, rubia de Aquitania, pardo alpina e frisona.

Para os efectos da protección desta IXP defínese como vaca aquela femia que tivo polo menos unha xestación antes do sacrificio e como boi o macho capado antes do ano de vida e que supera os 48 meses de idade no momento do sacrificio. Os animais deben someterse a un período de engorda antes do sacrificio, que se recomenda que dure como mínimo 6 meses, para lograr un bo estado de carnes e un grao de engraxamento óptimo.

Garantías para os consumidores

A creación da IXP Vaca e Boi de Galicia significa outro impulso para o sector agrogandeiro galego en xeral, xa que con ela se vai mellorar a transparencia comercial e aumentar as garantías que se lles ofrecen aos consumidores en canto á calidade e á orixe do produto. A etiquetaxe diferenciada da carne e o seguimento da súa rastrexabilidade vai evitar o uso indiscriminado e mesmo fraudulento dos termos “carne gallega”, “vaca gallega”, “buey gallego” e outras semellantes no mercado.

A medio prazo (en sete ou oito anos) considérase que se poderán acoller a esta IXP sobre unhas 10.000 explotacións gandeiras, que se certifiquen arredor 25.000 canais e se comercialicen unhas 8.500 toneladas de carne de vacún maior de calidade. Así mesmo, calcúlase unha recuperación do seu prezo e un incremento do valor engadido, cando menos dun 20 %, que vai repercutir de xeito moi positivo en todo o sector.

Un sector en alza

O sector da carne de vacún na nosa comunidade ten un peso importante dentro de España. Ocupa o terceiro lugar, só superada por Cataluña e Castilla y León, cunha produción que representa o 15 % do total. Ademais, Galicia é a segunda autonomía en número de cabezas de gando, cun 16 % do total.

E os datos indican que segue mellorando. No ano 2016 houbo en Galicia un total de 126 incorporacións de mozos ao agro dentro da orientación produtiva de vacún de carne. Representan o 20,39 % do total dos incorporados e recibiron unha axuda global de 4,5 millóns de euros. Xa neste 2017, un total de 25 empresas solicitaron en Galicia axudas da Xunta para transformación e comercialización de produtos cárnicos, para investir preto de 19 millóns de euros.

O logotipo da nova IXP é o seguinte:

